Modelo MD85PRO01

Programación

Centro: CMUS PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Materia/disciplina: Análise

Curso: 2026 - 2027

Índice

1 Introdución....3
2 Metodoloxía....5
3 Atención á diversidade....7
4 Temas transversais....7
4.1 Educación en valores....8
4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)....8
5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas....9
6 Secuenciación do curso....10
6.1 Curso: 5º Grao Profesional....10
6.1.1 Obxectivos....10
6.1.2 Contidos....10
6.1.3 Avaliación....11
6.1.4 Medidas de recuperación....14
6.1.5 Recursos didácticos....16
6.2 Curso: 6º Grao Profesional....18
6.2.1 Obxectivos....18
6.2.2 Contidos....18
6.2.3 Avaliación....19
6.2.4 Medidas de recuperación....22
6.2.5 Recursos didácticos....23
7 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica. .25
8 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento. . . .25
9 ANEXOS....26
9.1 Proba de acceso a 6º de grao profesional....26
9.2 Criterios para a obtención dos premios fin de grao....27

1 Introdución

Esta programación didáctica ten como principal finalidade a de adaptar e concretar os Obxectivos Xerais de Grao Profesional, así como os específicos da materia de Análise, propostos pola administración aos diferentes cursos destas ensinanzas, tendo moi presentes as características propias do centro onde se levará á práctica, así como do ámbito xeográfico, sociolóxico e cultural onde este se enmarca. Para iso indícanse en cada un dos cursos unha relación de contidos, recursos e criterios de avaliación, ademais dunhas pautas en canto á súa secuenciación temporal orientadas á consecución dos obxectivos propostos, e os criterios e ferramentas para a súa avaliación.

A materia de Análise impártese nos cursos 5º e 6º de Grao Profesional. No contexto das ensinanzas impartidas no Conservatorio, esta materia pretende subministrar o coñecemento teórico dos principais elementos e procedementos compositivos, e tamén o coñecemento dunha serie de factores de tipo histórico, indisociables do feito musical como fenómeno cultural, e, sobre todo, pretende proporcionar unha serie de ferramentas metodolóxicas que permitan afrontar a análise desde todos os puntos de vista que poidan ser relevantes.

Os contidos do ensino da análise abranguen, xa que logo, todos os conceptos referidos aos elementos integrantes da nosa linguaxe musical (sen descartar referencias a músicas non occidentais, dada a utilidade da comparación entre elementos afíns con traxectorias culturais diferentes), cun coñecemento teórico básico da música que vai desde o canto gregoriano ata a actualidade, e con carácter procedemental, tamén a análise de obras dos períodos da práctica tonal (Barroco, Clasicismo e Romanticismo), co fin de poder observar con gran perspectiva o contexto diacrónico. Para iso, a análise deberase centrar no estudo dun número de obras representativas dos períodos e dos estilos que, traballadas tan profundamente como sexa posible, deberán achegar unha ampla visión das técnicas musicais occidentais, así como os criterios metodolóxicos que se poderán aplicar á análise doutras obras. Pola súa parte, os procedementos diríxense á asimilación teórica dunha serie de coñecementos técnicos ou estilísticos que se deberán recoñecer nas obras musicais mediante a análise de partituras e mediante a identificación auditiva dos elementos e dos procedementos estudados, así como unha práctica instrumental básica destes que conduza á súa interiorización.

A materia impártese primeiramente en 5º de Grao Profesional, sobre a base dos coñecementos adquiridos polos alumnos nos cursos anteriores nas diversas materias do currículo; posteriormente impártese en 6º de Grao Profesional.

As características do alumnado presentan unha certa homoxeneidade: a súa idade oscila xeralmente entre os 15 e 18 anos, cursan estudos de Bacharelato ou universitarios, e proceden tanto da propia zona urbana de Santiago e a súa contorna, como doutros conservatorios dos que se desprazaron para iniciar a súa andaina na Universidade.

- Marco legal

A normativa e os documentos legais que regulan as ensinanzas de música en Galicia e que se tiveron en conta para a elaboración desta programación didáctica pódense consultar na web da Consellería de Educación edu.xunta.gal. Enlace: Normativa das ensinanzas de música

- Plans de reforzo

Coa finalidade de traballar na mellora das posibles carencias e dificultades do alumnado que así o precise, o profesorado disporá, cando sexa posible, dun tempo dedicado a actividades de reforzo dentro do seu horario. Nestes casos informarase ás familias e o profesorado recollerá no caderno de aula tanto as carencias detectadas, os contidos que se abordarán, como as ferramentas empregadas dentro da aula de reforzo.

2 Metodoloxía

Con carácter xeral primaranse os máis produtivos, como son a resolución de problemas por parte do alumnado ou o descubrimento guiado, nos que se busca unha maior implicación do mesmo no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Os estilos máis directivos, como a asignación de tarefas, tamén serán utilizados en función da área tratada, a natureza dos contidos, a dificultade dos mesmos e o grao de consecución dos obxectivos relacionados.

Procurarase, se fose necesario, que cada alumno e alumna tomase conciencia da importancia das tarefas recomendadas para a súa realización na casa, xa que se fai imprescindible para a súa correcta evolución dentro das ensinanzas musicais.

Do mesmo xeito, reforzarase en todo momento a motivación do alumnado, o que facilitará a mellora do seu rendemento e a adquisición duns correctos hábitos de estudo, entre outros aspectos.

- Principios metodolóxicos xerais:

Actividade e participación: daremos ao alumnado un papel activo na súa aprendizaxe (investigación, descubrimento guiado, resolución de problemas), a dos seus compañeiros e compañeiras (ensinanza mutua, traballo en grupos cooperativos) e a avaliación dos mesmos (autoavaliación e coavaliación).

Motivación e autoestima: nos momentos axeitados procuraremos realizar unha explicación ou reflexión que leve ao alumnado a unha maior implicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Reforzaremos positivamente as actitudes e execucións correctas, orientaremos as que non o sexan mediante distintos mecanismos de realimentación nos que poidan apreciar a súa mellora, desenvolvendo así a súa autoestima.

Aprendizaxe significativa: de acordo coa concepción construtivista da aprendizaxe partiremos dos coñecementos previos sobre os contidos da materia (avaliación inicial) e as relacións entre eles e os doutras materias (interdisciplinariedade), téndoos en conta á hora de trazar un camiño (temporalización) e unhas estratexias apropiadas co fin de acadar os obxectivos previstos.

Principios de globalización: o tratamento dos contidos obxecto da aprendizaxe estruturarase de forma interrelacionada dentro de cada curso e entre os diferentes cursos (tratamento en espiral dos contidos) afondando no seu desenvolvemento respecto aos cursos precedentes e respectando así a evolución do alumnado e a súa aprendizaxe.

Personalización e atención á diversidade: para o deseño desta PD tívose en conta a heteroxeneidade do alumnado de cada grupo – clase. Nesta mesma liña, adaptarase a actuación docente en función dos diferentes ritmos de traballo e aprendizaxe do alumnado (traballos por grupos de nivel, actividades de reforzo desenvolvidas en paralelo á sesión tipo, actividades de ampliación, uso de estratexias analíticas).

Interacción: fomentarase a interacción positiva entre todos os participantes do proceso de aprendizaxe: alumnado – alumnado (traballo en grupo, ensinanza mutua, coavaliación), alumnado – profesorado (debate, descubrimento guiado, análise de resultados, reflexións, reforzos) e procuraremos a implicación das familias no proceso educativo (acción titorial).

- Principios metodolóxicos específicos da materia:

Partir dos coñecementos previos

Favorecer a motivación do alumnado e a súa autoestima, estimulando o diálogo e a participación

Favorecer a ensinanza personalizada e a adaptación ás necesidades do alumno

Estimular a creatividade e a autonomía a través do ensino da análise

Estimular a actitude analítica e o espírito crítico para a comprensión global da obra musical

Realizar actividades partindo dos contidos procedementais, unindo teoría e práctica

Relacionar a análise con outras materias do currículo

Distribuír os obxectivos e contidos no tempo de xeito progresivo, producindo unha aprendizaxe sumativa.

3 Atención á diversidade

As medidas que se levarán a cabo para a atención á diversidade atópanse detalladas no Plan de atención á diversidade do centro, dispoñible na súa páxina web. Enlace: conservatoriosantiago.gal/o-centro/documentos

4 Temas transversais

Os contidos transversais son esencialmente actitudinais, responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa transcendencia demandan un tratamento educativo. Tomando como referencia o Decreto que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establécense os seguintes elementos transversais:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.
- Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- Fomentarase a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

4.1 Educación en valores

A clase individual de instrumento permite que a relación profesor-alumnado sexa directa, o cal aumenta en certo sentido a influencia do primeiro sobre o segundo. Será importante a supervisión constante do comportamento do alumnado en temas tales como a igualdade de xénero, tolerancia coas diferenzas, respecto cara aos compañeiros, comportamento cívico e sensibilidade cara á cultura en xeral.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)

A aplicación da tecnoloxía da información e comunicación (TIC) e as Novas Tecnoloxías levounos a unha nova revolución, permitindo un crecemento enorme, evolución e perfeccionamento do proceso creativo musical. Non obstante, faise necesario regulalas e, seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

- Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así como calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice e sexa con fins didácticos.
- Non se permite o uso na aula ou fóra dela de ningún programa ou aplicación informática que recompile ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento) agás CENTROSNET, e as súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.
- Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recompilen nin fagan uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).
- Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recompile ou faga uso dalgún dato de carácter persoal ou referente ao seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumno ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.
- No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.

5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Fomentarase a asistencia do alumnado a concertos, cursos, clases de reforzo, conferencias, etc. que xurdan tanto dentro coma fóra do centro, sobre todo das relacionadas ou que poidan ser de interese para a materia.

Así mesmo intentarase, na medida do posible, participar nas actividades organizadas polo Centro, tanto audicións ou concertos públicos coma calquera outra actividade de promoción das ensinanzas que poida ser de proveito para o alumnado.

En calquera caso as actividades complementarias e extraescolares que organice o Centro, ou nas que participe activamente, relacionadas ou non con esta materia, serán definidas ao comezo de cada curso dentro do Programa de Actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas.

6 Secuenciación do curso

Esta materia impártese nos cursos 5º e 6º do Grao Profesional.

6.1 Curso: 5º Grao Profesional

6.1.1 Obxectivos

- Coñecer os principais e máis básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores, desde o canto gregoriano ata a actualidade, con especial incidencia nos estilos da práctica tonal: Barroco, Clasicismo e Romanticismo.
- Analizar obras dos estilos da práctica tonal (Barroco, Clasicismo e Romanticismo) atendendo aos parámetros que as compoñen: macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía (cadencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación, etc.
- Sinalar na obra as características dos parámetros que a compoñen conferíndolle unha estética propia do estilo a que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos de cada época cos tipos de obras que derivan deles.
- Escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

6.1.2 Contidos

Debido ao adianto da materia de Historia da Música un ano académico só é necesario facer un repaso de xeito básico da análise dende o canto gregoriano ata o nacemento da tonalidade.

Contidos:

- Coñecemento básico dos principais elementos e procedementos compositivos, dende o canto gregoriano á actualidade, incluíndo referencias á música non occidental.
- Estudo dos principais elementos e procedementos compositivos (formais, estilísticos, harmónicos, contrapuntísticos, melódicos, rítmicos, texturais, sonoros, etc.), así como das súas interrelacións, a partir da análise de obras de diferentes épocas e autores, dos estilos da práctica tonal, e desde distintos puntos de vista analíticos.
- Estudo dos feitos históricos e psicoperceptivos indisociables do fenómeno musical.
- Práctica auditiva e instrumental dos elementos e procedementos aprendidos que conduzan á súa interiorización.
- Evolución da composición musical dende o gregoriano ata a aparición do Clasicismo.

Os contidos organízanse por trimestres:

Primeiro trimestre

- Introdución á análise. A cadencia como elemento estrutural. A repetición e o contraste como xeradores da microestrutura e da macroestrutura.
- A música vocal. O baixo como sustento harmónico.
- A música instrumental. A variación e a imitación como recurso compositivo.
- A suite de danzas no Barroco.
- As bases da harmonía tonal e das principais cadencias, das principais estruturas que configuran a pequena forma (semifrase, frase e período) así como da variación e da imitación. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.

Segundo trimestre

- A invención.
- A fuga.
- Formas estróficas. O rondó e a forma ritornello.
- Estrutura (formal e harmónica) das pezas que forman a suite barroca. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.

Terceiro trimestre

- Correntes preclásicas.
- Introdución ao Clasicismo. Introdución á forma sonata.
- Estrutura (formal e harmónica) das formas preclásicas. A forma sonata. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.

6.1.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

- Identificar mediante a análise os compoñentes da linguaxe musical das épocas da historia da música occidental (harmónicos, rítmicos, melódicos, sonoros, etc.).
- Sinalar os elementos da linguaxe musical que lle confiren á obra analizada un determinado estilo.
- Identificar mediante a análise os distintos niveis estruturais (macro- e micro-) en obras das épocas da historia da música occidental.
- Identificar auditivamente os elementos e procedementos que configuran a forma (macro- e micro-).
- Expresar os resultados analíticos de forma sólida e coherente manexando a nomenclatura e simboloxía propia dos métodos analíticos estudados.
- Extraer conclusións significativas da análise musical que permitan achegarse a unha mellor comprensión da obra e a unha mellor interpretación.
- Participar aportando ideas propias baseadas nun pensamento crítico, dentro dun clima de diálogo e respecto.
- Demostrar coñecemento e capacidade analítica das bases da harmonía tonal e das principais cadencias, así como das principais estruturas que configuran a pequena forma (semifrase, frase e período) así como da variación e da imitación. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE PARA O 1º TRIMESTRE.
- Demostrar coñecemento e capacidade analítica da estrutura (formal e harmónica) das pezas que forman a suite barroca. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE PARA O 2º TRIMESTRE.
- Demostrar coñecemento e capacidade analítica da estrutura (formal e harmónica) das formas preclásicas e un coñecemento básico da forma sonata. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE PARA O 3º TRIMESTRE.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse como superados cada un destes criterios cando nos procedementos e nas ferramentas de avaliación correspondentes se acade unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante os procedementos e ferramentas de avaliación correspondentes.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha **avaliación inicial** na primeira sesión de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

a) Análise do grao de consecución dos coñecementos previos necesarios para a materia, desenvolvidos no currículo das materias dos cursos anteriores.

b) Coñecemento personalizado das características do alumnado que facilite a planificación docente.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**. O profesorado valerase das seguintes **ferramentas** para a avaliación do alumnado:

- Exercicios realizados polo alumno.
- Probas específicas puntuais.

  Ao rematar cada trimestre o alumnado realizará unha proba escrita onde se manifesten os contidos traballados en clase. A proba incluirá preguntas de resposta aberta (comentario analítico, análise completa dunha obra, etc.) e/ou preguntas de resposta pechada (tipo test, cuestionario con resposta breve, verdadeiro/falso, etc.) e exercicios de análise sobre partitura e/ou exercicios de análise auditiva.

O profesor/a rexistrará estas ferramentas nun **caderno de seguimento do alumnado** co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

No curso realizaranse 3 cualificacións, unha para cada trimestre.

A cualificación de cada trimestre será unha nota ponderada, de acordo ao seguinte criterio:

- exercicios: 30% da cualificación.
- proba específica puntual de nivel: 70% da cualificación.

A cualificación final da materia será a media das cualificacións dos tres trimestres.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Como criterio de arredondamento, adóptase o seguinte: cando unha cualificación atinxa 5 décimas (0,5), arredondarase ao número enteiro superior. Por exemplo: un 5,499 arredondarase a 5,00; pero un 5,5 arredondarase a 6,00.

Criterios de cualificación

- REALIZACIÓN DE EXERCICIOS: 30% da cualificación trimestral.
- REALIZACIÓN DA PROBA ESPECÍFICA TRIMESTRAL: grao de dominio dos contidos traballados no trimestre. 70% da cualificación trimestral.

A aplicación destes criterios de cualificación realizarase mediante a realización por escrito dos exercicios e as probas específicas.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá en:

Realización dun exercicio de análise dunha obra do período barroco ou preclásico cos seguintes parámetros: recoñecemento da súa estrutura xeral, frases, temas (de ser o caso), cadencias, tonalidades e procedementos básicos de elaboración, repetición, secuenciación, tipos de imitación (de ser o caso).

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a realización da dita proba escrita. Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos ou superior para superala.

6.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións trimestrais do presente curso adóptanse os seguintes criterios:

Proporanse actividades específicas de recuperación (e reforzo) para aquel alumnado que non alcance os mínimos esixibles podendo solicitarse a asistencia do alumnado a sesións de titorización nos casos máis complexos.

Dada a distribución dos contidos nos trimestres, cada trimestre non superado poderá recuperarse a final de curso, mediante unha proba específica análoga á correspondente a cada trimestre ordinario. Polo tanto, a superación do segundo trimestre non implica a superación do primeiro, e analogamente a superación do terceiro trimestre non supón a superación dos dous trimestres anteriores.

Para a cualificación final, a nota da proba recuperada ponderarase cos exercicios de aula correspondentes ao trimestre, e a nota resultante aplicarase na media dos tres trimestres.

Os alumnos que superan o proceso de ampliación incorpóranse de xeito oficial no 2º trimestre, e polo tanto teñen pendente a superación do 1º trimestre. Para superalo, teñen dúas opcións. A primeira é aprobar as avaliacións seguintes, co cal terían superado o 1º trimestre cunha cualificación ponderada dun 5. A segunda é realizar, a

final de curso, unha proba específica de avaliación do 1º trimestre. A nota obtida na dita proba será directamente a considerada para o cálculo da cualificación final.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba incluirá os contidos do trimestre correspondente.

Dita proba consistirá en:

Realización dun exercicio de análise dunha obra do período traballado no trimestre correspondente cos seguintes parámetros: recoñecemento da súa estrutura xeral, frases, temas (de ser o caso), cadencias, tonalidades e procedementos básicos de elaboración, repetición, secuenciación, tipos de imitación (de ser o caso).

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

A cualificación deste exercicio será do 1 ao 10 sendo o resultado do mesmo a nota total da avaliación/curso. Será necesaria unha cualificación igual ou superior a 5 para superar a proba.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

A circunstancia de que a avaliación continua non sexa posible por motivo do número de faltas considérase aplicable trimestralmente. Pode darse o caso de que un alumno/a teña trimestre/s de avaliación ordinaria e outro/s onde a avaliación continua non é posible. Neste caso, para a cualificación final ponderada considerarase a cualificación ponderada trimestral (nos trimestres de avaliación ordinaria) e a cualificación obtida na proba (nos trimestres onde non sexa posible a avaliación continua).

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

Realización dun exercicio de análise dunha obra do período barroco ou preclásico cos seguintes parámetros: recoñecemento da súa estrutura xeral, frases, temas (de ser o

caso), cadencias, tonalidades e procedementos básicos de elaboración, repetición, secuenciación, tipos de imitación (de ser o caso).

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

A cualificación deste exercicio será do 1 ao 10 sendo o resultado do mesmo a nota total da avaliación/curso. Será necesaria unha cualificación igual ou superior a 5 para superar a proba.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a realización da dita proba escrita. Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos ou superior para superala.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

6.1.5 Recursos didácticos

Material impreso e/ou dixital.

- Partituras correspondentes aos estilos e épocas históricas estudadas.
- Apuntes en fotocopias, artigos analíticos, libros especializados, etc.
- Informarase dos recursos dispoñibles na biblioteca do centro.

Medios audiovisuais

- proxector, lousa dixital, etc.
- Equipo de son

Recursos TIC

- Ordenador con conexión a Internet.
- Aula virtual.

Bibliografía

Formación do oído

Hindemith, Paul.- Adestramento elemental para músicos.- Ricordi Americana.

Kühn, Clemens.- Formación musical do oído.- Labor.

Formas musicais

Bas, Julio.- Tratado de la forma musical.- Ricordi Americana.

Kühn, Clemens.- Tratado de la forma musical.- Labor.

Rosen, Charles.- Formas de sonata.- Labor

William Caplin.- Classical Form

Zamacois, Joaquín.- Tratado de la forma musical.-Labor.

Melodía

Toch, Ernst.- La melodía.- Labor.

Os libros editados pola desaparecida editorial Labor poden aparecer agora publicados por outras editoriais como Span Press.

6.2 Curso: 6º Grao Profesional

6.2.1 Obxectivos

- Coñecer os principais e máis básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores, desde o canto gregoriano ata a actualidade, con especial incidencia nos estilos da práctica tonal: Barroco, Clasicismo e Romanticismo.
- Analizar obras dos estilos da práctica tonal (Barroco, Clasicismo e Romanticismo) atendendo aos parámetros que as compoñen: macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía (cadencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación, etc.
- Sinalar na obra as características dos parámetros que a compoñen conferíndolle unha estética propia do estilo a que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos de cada época cos tipos de obras que derivan deles.
- Escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.
- Tocar esquematicamente nun instrumento polifónico as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

6.2.2 Contidos

- Coñecemento básico dos principais e máis básicos elementos e procedementos compositivos, desde o canto gregoriano á actualidade, incluíndo referencias á música non occidental.
- Estudo dos principais elementos e procedementos compositivos (formais, estilísticos, harmónicos, contrapuntísticos, melódicos, rítmicos, texturais, sonoros, etc.), así como das súas interrelacións, a partir da análise de obras de diferentes épocas e autores, dos estilos da práctica tonal, e desde distintos puntos de vista analíticos.
- Estudo dos feitos históricos e psicoperceptivos indisociables do fenómeno musical.
- Práctica auditiva e instrumental dos elementos e procedementos aprendidos que conduzan á súa interiorización.

Os contidos organízanse por trimestres:

Primeiro trimestre:

- A forma sonata. Influencia da forma sonata noutros movementos.
- O rondó-sonata. A música vocal. Aria e outras formas vocais.
- O movemento lento. O movemento final.

- Estrutura (formal e harmónica) dos diferentes movementos da sonata. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.

Segundo trimestre:

- O concerto.
- A evolución da harmonía no Romanticismo (I). Expansións harmónicas.
- As formas no Romanticismo (I). A expansión da forma sonata.
- As formas no Romanticismo (II). Pequenas formas pianísticas, o Lied.
- Principais cambios e expansións na harmonía do século XIX. Principais formas románticas, en particular o lied e o xénero pianístico. Estrutura do primeiro movemento do concerto. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.

Terceiro trimestre:

- A textura no século XIX.
- A evolución da harmonía no Romanticismo (II). Cromatismos e modulacións. Expansións e alternativas á tonalidade establecida no século XIX.
- Harmonía cromática e alterada no século XIX. Principais correntes estilísticas da música do século XX. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.

6.2.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

- Identificar mediante a análise os compoñentes da linguaxe musical das épocas da historia da música occidental (harmónicos, rítmicos, melódicos, sonoros, etc.).
- Sinalar os elementos da linguaxe musical que lle confiren á obra analizada un determinado estilo.
- Identificar mediante a análise os distintos niveis estruturais (macro- e micro-) en obras das épocas da historia da música occidental.

- Identificar auditivamente os elementos e procedementos que configuran a forma (macro- e micro-).
- Expresar os resultados analíticos de forma sólida e coherente manexando a nomenclatura e simboloxía propia dos métodos analíticos estudados.
- Extraer conclusións significativas da análise musical que permitan achegarse a unha mellor comprensión da obra e a unha mellor interpretación.
- Participar aportando ideas propias baseadas nun pensamento crítico, dentro dun clima de diálogo e respecto.
- Demostrar coñecemento e capacidade analítica da estrutura (formal e harmónica) dos diferentes movementos da sonata. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE PARA O 1º TRIMESTRE.
- Demostrar coñecemento e capacidade analítica dos principais cambios e expansións na harmonía do século XIX, así como das principais formas románticas, en particular o lied e o xénero pianístico. Coñecer a estrutura do primeiro movemento do concerto. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE PARA O 2º TRIMESTRE.
- Demostrar coñecemento e capacidade analítica da harmonía cromática e alterada no século XIX. Enmarcar as obras analizadas dentro das principais correntes estilísticas do século XX. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE PARA O 3º TRIMESTRE.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Considerararanse como superados cada un destes criterios cando nos procedementos e nas ferramentas de avaliación correspondentes se acade unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante os procedementos e ferramentas de avaliación correspondentes.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha **avaliación inicial** na primeira sesión de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

a) Análise do grao de consecución dos coñecementos previos necesarios para a materia, desenvolvidos no currículo das materias dos cursos anteriores.

b) Coñecemento personalizado das características do alumnado que facilite a planificación docente.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**. O profesorado valerase das seguintes **ferramentas** para a avaliación do alumnado:

- Exercicios realizados polo alumno.
- Probas específicas puntuais.

  Ao rematar cada trimestre o alumnado realizará unha proba escrita onde se manifesten os contidos traballados en clase. A proba incluirá preguntas de resposta aberta (comentario analítico, análise completa dunha obra, etc.) e/ou preguntas de resposta pechada (tipo test, cuestionario con resposta breve, verdadeiro/falso, etc.) e exercicios de análise sobre partitura e/ou exercicios de análise auditiva.

O profesor/a rexistrará estas ferramentas nun **caderno de seguimento do alumnado** co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

No curso realizaranse 3 cualificacións, unha para cada trimestre.

A cualificación de cada trimestre será unha nota ponderada, de acordo ao seguinte criterio:

- exercicios: 30% da cualificación.
- proba específica puntual: 70% da cualificación.

A cualificación final da materia será a media das cualificacións dos tres trimestres.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Como criterio de arredondamento, adóptase o seguinte: cando unha cualificación atinxa 5 décimas (0,5), arredondarase ao número enteiro superior. Por exemplo: un 5,499 arredondarase a 5,00; pero un 5,5 arredondarase a 6,00.

Criterios de cualificación

- REALIZACIÓN DE EXERCICIOS: 30% da cualificación trimestral.
- REALIZACIÓN DA PROBA ESPECÍFICA TRIMESTRAL: grao de dominio dos contidos traballados no trimestre. 70% da cualificación trimestral.

A aplicación destes criterios de cualificación realizarase mediante a realización por escrito dos exercicios e as probas específicas.

6.2.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións trimestrais do presente curso adóptanse os seguintes criterios:

Proporanse actividades específicas de recuperación (e reforzo) para aquel alumnado que non alcance os mínimos esixibles podendo solicitarse a asistencia do alumnado a sesións de titorización nos casos máis complexos.

Dada a distribución dos contidos nos trimestres, cada trimestre non superado poderase recuperar a final de curso, mediante unha proba específica análoga á correspondente a cada trimestre ordinario. Polo tanto, a superación do segundo trimestre non implica a superación do primeiro, e analogamente a superación do terceiro trimestre non supón a superación dos dous trimestres anteriores.

Para a cualificación final, a nota da proba recuperada ponderarase cos exercicios de aula correspondentes ao trimestre, e a nota resultante aplicarase na media dos tres trimestres.

Os alumnos que superan o proceso de ampliación incorpóranse de xeito oficial no 2º trimestre, e polo tanto teñen pendente a superación do 1º trimestre. Para superalo, teñen dúas opcións. A primeira é aprobar as avaliacións seguintes, co cal terían superado o 1º trimestre cunha cualificación ponderada dun 5. A segunda é realizar, a final de curso, unha proba específica de avaliación do 1º trimestre. A nota obtida na dita proba será directamente a considerada para o cálculo da cualificación final.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba incluirá os contidos do trimestre correspondente.

Dita proba consistirá en:

Realización dun exercicio de análise dunha obra do período traballado no trimestre correspondente cos seguintes parámetros: recoñecemento da súa estrutura xeral, frases, temas (de ser o caso), cadencias, tonalidades e procedementos básicos de elaboración, repetición, secuenciación, tipos de imitación (de ser o caso).

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

A cualificación deste exercicio será do 1 ao 10 sendo o resultado do mesmo a nota total da avaliación/curso. Será necesaria unha cualificación igual ou superior a 5 para superar a proba.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

A circunstancia de que a avaliación continua non sexa posible por motivo do número de faltas considérase aplicable trimestralmente. Pode darse o caso de que un alumno/a teña trimestre/s de avaliación ordinaria e outro/s onde a avaliación continua non é posible. Neste caso, para a cualificación final ponderada considerarase a cualificación ponderada trimestral (nos trimestres de avaliación ordinaria) e a cualificación obtida na proba (nos trimestres onde non sexa posible a avaliación continua).

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

Realización dun exercicio de análise dunha obra do Clasicismo ou do Romanticismo cos seguintes parámetros: recoñecemento da súa estrutura xeral, frases, temas (de ser o caso), cadencias, tonalidades e procedementos básicos de elaboración, repetición, secuenciación, tipos de imitación (de ser o caso).

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

A cualificación deste exercicio será do 1 ao 10 sendo o resultado do mesmo a nota total da avaliación/curso. Será necesaria unha cualificación igual ou superior a 5 para superar a proba.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a realización da dita proba escrita. Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos ou superior para superala.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

6.2.5 Recursos didácticos

Material impreso e/ou dixital.

- Partituras correspondentes aos estilos e épocas históricas estudadas.
- Apuntes en fotocopias, artigos analíticos, libros especializados, etc.

- Informarase dos recursos dispoñibles na biblioteca do centro.

Medios audiovisuais

- proxector, lousa dixital, etc.
- Equipo de son de boa calidade.

Recursos TIC

- Ordenador con conexión a Internet.
- Aula virtual.

Bibliografía

Formación do oído

Hindemith, Paul.- Adestramento elemental para músicos.- Ricordi Americana.

Kühn, Clemens.- Formación musical do oído.- Labor.

Formas musicais

Bas, Julio.- Tratado de la forma musical.- Ricordi Americana.

Kühn, Clemens.- Tratado de la forma musical.- Labor.

Rosen, Charles.- Formas de sonata.- Labor

William Caplin.- Classical Form

Zamacois, Joaquín.- Tratado de la forma musical.-Labor.

Melodía

Toch, Ernst.- La melodía.- Labor.

Os libros editados pola desaparecida editorial Labor poden aparecer agora publicados por outras editoriais como Span Press.

7 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

A aplicación da programación didáctica será supervisada de maneira constante por parte do profesorado da especialidade, rexistrando o seu grao de cumprimento e eficacia, e as posibles incidencias ou desviacións na planificación da mesma.

Nas reunións do departamento didáctico de Fundamentos de Composición e Historia da Música deixarase constancia deste seguimento así como de calquera outra incidencia a ter en conta para a súa avaliación, revisión e mellora.

8 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Sen prexuízo de calquera outra medida que se estableza para a avaliación e mellora continua do sistema educativo e das ensinanzas musicais por parte da administración educativa competente, cada departamento didáctico realizará ao remate do período lectivo unha memoria final do curso. Nesta memoria farase constar o seguimento realizado sobre cada unha das materias, unha análise do grao de consecución, resultados obtidos e demais incidencias salientables, e indicaranse as posibles modificacións e propostas de mellora de cara a vindeiros cursos con respecto a esta programación didáctica, así como sobre o funcionamento e actividades do departamento didáctico.

9 ANEXOS

9.1 Proba de acceso a 6º de grao profesional

O alumnado que desexe acceder a 6º curso de grao profesional deberá demostrar o seu dominio da materia de Análise correspondente ao 5º curso de grao profesional.

Para o acceso a 6º curso de grao profesional o aspirante realizará unha proba correspondente á materia do 5º curso de grao profesional.

Contidos

Os indicados nesta programación para o 5º curso de grao profesional.

Criterios de avaliación e cualificación

Os criterios de avaliación son os indicados nesta programación para o curso de 5º de grao profesional.

A proba de Análise para acceso a 6º de grao profesional consistirá en:

Realización dun exercicio de análise dunha obra do Clasicismo ou do Romanticismo cos seguintes parámetros: recoñecemento da súa estrutura xeral, frases, temas (de ser o caso), cadencias, tonalidades e procedementos básicos de elaboración, repetición, secuenciación, tipos de imitación (de ser o caso).

A cualificación deste exercicio será do 1 ao 10 sendo o resultado do mesmo a nota total da avaliación/curso. Será necesaria unha cualificación igual ou superior a 5 para superar a proba.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a realización da dita proba escrita.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

9.2 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, pola que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederase ao alumnado que cumpra os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.

- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades e pódense consultar no centro ou na súa páxina web.